



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 28 DE XANEIRO DE 2025.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Beade, sendo as doce horas do día vinte e oito de xaneiro de dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros do Concello de Beade, que de seguido se citan, para celebrar sesión plenaria de carácter ordinaria. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA
D. JORGE ANTONIO GONZÁLEZ ALARCÓN
D^a. MARÍA DEL CARMEN RAMA COTELO
D. MIGUEL ÁNGEL CARREIRO ESTÉVEZ
D^a. SILVIA RODRÍGUEZ FERRO.

Non asiste D. Adán Formigo Sánchez. Os presentes están asistidos polo Secretario-Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde del Día, que resultan ser:

1.- APROBACION DA ACTA DA SESION CELEBRADA CON DATA 25 DE NOVIEMBRE DE 2024.- Por parte da representante de Avide, maniféstase que a Acta non reflexa as respostas ás preguntas formuladas.

Sometida a votación a aprobación da Acta, obtense o seguinte resultado: TRES (3) votos a favor e TRES (3) votos en contras, os dos representantes der Avide e grupo municipal socialista.

Dado que existe empate, realízase unha segunda votación, dando o mesmo resultado, por lo que, polo voto de calidade do Sr. Alcalde, apróbese a Acta da sesión.

2.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.- Dase conta das Resolucións remitidas aos membros do Pleno coa convocatoria da sesión.

3.- ROGOS E PREGUNTAS.- Prodúcense as seguintes intervencións:

Pola representante de Avide:

1.- Manifesta que logo de 20 meses de mandato, as actuacións realizadas foron gracias as propostas de Avide, como foi o arranxo do alpendrfe de San Roque, pedindo o informe de Patrimonio.

2.- Manifesta que a tónica xeral é negar información á oposición e estar sempre en contra do que se pide.

3.- Pregunta pola petición realizada para ver as facturas do ano 2013, e que aínda non accedeu a elas. Manifesta que ten noticias de que un veciño pretende cobrar unha factura impagada dese ano, e quere comprobar si se abonou con obras de muros do ano 2024, polo que tamén solicita acceso as facturas das obras de muros realizados co seu correspondente detalle.

4.- Manifesta que as facturas incluídas nas Resolucións da Alcaldía deberían de figurar con mais detalle.

5.- Pregunta polos motivos das limpeza que se fixeron en varios inmobles e ruínas do centro do pobo, a canto ascendeu o custo. Sobre as pedras retiradas en algunha delas, onde se depositaron e a empresa que realizou as limpeza.

6.- Sobre as mocións aprobadas en outros Plenos: sobre a flavescencia dourada, quere saber si existe resposta da Xunta, ter o rexistro de entrada na Xunta da moción e si o concello teñ algo en proxecto; sobre o control de colonias felinas, algunhos veciños están a adoptar



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

medidas para controlalas, vendendo calendarios para acadar ingresos, polo que deberá de colaborar o concello e poñerse en contacto con esas persoas; sobre as grabacións das sesións, contestouse que estaba sendo estudiada a súa viabilidade, entendendo que sempre é viable.

7.- Sobre a limpeza das faixas de seguridade, qué medidas se van a adoptar para aqueles que non limpan.

8.- Sobre o obradoiro da Mancomunidade, cal é o plan de traballo e a prioridade das obras.

9.- Sobre unha liña amarela pintada na Rúa Porriñeira, si se vai a pintar algunha mais no resto do pueblo, e que deberían facerse xestións dende o concello con aqueles veciños que aparcan mal e dificultan o paso os repartidores e a outros veciños.

10.- Pregunta por un pago que figura nunha Resolución por dar clases de música.

11.- Pregunta por un pago a Tomás Cibeira, en concepto de gasto de Festas, e por qué non se lle da a unha Asociación e vez de un particular, e pregunta si existe partida de gastos para festas.

12.- Manifesta que o concello débese xestionar de acordo coas normas establecidas, no mediante chamadas telefónicas, como pasa en algunhas ocasións, sen que quede constancia oficial.

13.- Manifesta que as súas solicitudes, de non contestarse nun prazo de dez días, considerará que non se lle quere contestar.

A Alcaldía resposta ás seguintes cuestións:

Sobre a obra do alpendre de San Roque, enviarase o Informe de Patrimonio. Sobre as facturas, o detalle é o que figura nas mesmas e confeccionada polo constructor. Sobre as facturas do 2013, xa se lle dixo que podía acceder a elas previa cita. Sobre as facturas de 2024 dos muros realizados, foron executados según memoria do arquitecto.

En canto as dudas relacionadas coas Resolucións da Alcaldía, soliciten aclaracións por escrito e seranlles contestadas.

Sobre as limpezas en inmobles e ruínas, foron realizadas pola empresa Simón Vázquez, que conta con subvención da Deputación para estes traballos de limpeza de maleza e desbroce. As zonas en ruínas, non se coñecen donos, e polo perigo que supuñían, foron obxecto desa actuación, sendo retiradas as pedras de aquelas que así o manifestou o arquitecto, o existirse serio perigo de derrumbe. As pedras foron depositadas en dous lugares, e seranlle entregadas a quen as reclame, previo pago dos custos que supuxo a actuación.

Tamén se está actuando sobre a Casa dos Curas, da que existía unha cesión por 25 anos, que está a punto de caducar, e estase mirando renovala co Obispado para acometer un proxecto de rehabilitación do inmoble e o entorno.

Sobre as mocións: a moción da flavescencia dourada foi remitida á Xunta, e logo mantivo unha xuntanza co Director Xeral. Dende o concello estanse a enviar cartas para que se limpen as zonas afectadas, pero o gran problema é que moitas parcelas non teñen dono coñecido; sobre as faixas de protección, o concello está pendente de que a Xunta delimite as zonas, para o que xa fixo xestións ante a Consellería; sobre as colonias felinas, algunhos veciños son os causantes deste problema dando de comer na rúa aos animais. Xa se falou con algún para que desistan dese procedemento; sobre as grabacións dos Plenos, estase mirando o aspecto técnico e o custo que suporía.

O obradoiro executará as obras que se incluíron no proxecto remitido á Xunta, como é a Praza da Oliveira e desbroces en camiños.

Sobre a liña amarela pintada, foi a petición dos veciños, e verase a necesidade noutros



CONCELLO DE BEADE

P32011OOI

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

lugares.

Sobre o pago a Tomás Cibeira, foi como representante da Comisión de Festas, non a título particular.

Sobre as contestacións nun prazo de dez días, intentarase, e farase, de todas formas, no prazo que se poida e dentro das normas legais.

Polo representante do grupo municipal socialista:

1.- Manifesta que o punto de rogos e preguntas convertiuse nun mítin, nun monólogo, non existe debate e é moi aburrido.

2.- Sobre os calendarios de Nadal que repartiu o concello, non se lle deu aos Concelleiros, aínda que fora como un detalle simbólico.

3.- Pregunta si o Alcalde vai adoptar medidas ante a existencia nas listas do PP dunha presunta delincuente; debería sacala das listas ou dimitir o Alcalde. A noticia está na prensa

A Alcaldía resposta o seguinte:

Os calendarios foron entregados nas vivendas, sendo certo que non se considera persoa moi detallista. Sobre a persoa que vai nas listas, o xuíz dirá, pois, por agora, so existen dimes e diretes, non suficientes para tomar decisións. Esa persoa non é Concelleira e esperárase a sentenza. Non é un tema do Alcaldía, Beni será xulgada polo procedemento que corresponda.

4.- A representanté do grupo municipal socialista manifesta que foi o Sr. Alcalde quen, nun Pleno, petou sobre a mesa, o que non procede nun Pleno.

5.- Relata o sucedido co Sr. Baltar no referente ao incidente da condución dun vehículo, así como a recortes de prensa sobre a designación do actual Alcalde como candidato do PP, aludindo á transparencia, compromiso co pobo...quedando todo en papel mollado, fume.

6.- Sobre a actualización das rúas, estanse a producir problemas para a entrega de cartas.

7.- En relación co 25-N, leeuse un manifesto denta do concello, e fíxoo a presunta inculpada pola substracción de diñeiro, polo que pouco se pode esperar da Alcaldía. So veu para colocarse unha nómina e facer o que queira.

8.- Alude a unha Resolución da Alcaldía sobre a concertación dunha operación de tesourería por importe de 60.000,00 €, para que o explique.

9.- Sobre as actuacións musicais que se produciron na igrexa, non as considera apropiadas, e duda que o Obispado dera permiso.

10.- Sobre os lienzos da igrexa, quere saber do Informe da USC.

11.- Manifesta que pola Alcaldía cústalle enviar informes da xestión do concello, cando dispón de un millón de euros de orzamento (transparencia, compromisos...), sobre todo, tendo adicación parcial a Alcaldía.

A Alcaldía resposta o seguinte:

Considera que a representante do partido socialista ven a mofase, non fixo preguntas, únicamente faltar ao respecto. Sobre o 25-N, non se sabía nada da acusación sobre a persoa que leeu o manifesto.

Intervén a representante de Avide para manifestar o seguinte:

Considera que dende o concello existe intención de non informar sobre as solicitudes feitas, aínda non accederon as factura do ano 2013, e considera que non é necesario que esté presente un funcionario para o acceso á información.

Sobre as casas que non se coñece o heredeiro, debería o concello facerse cargo para evitar perigos de derrumbe.

Manifesta que polo Camiño Lameiros non se pasa.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

Sobre o asunto das colonias felinas, manifesta que os veciños que lle dan comida é para poder cazalos e levalos a esterilizar, e que o concello debería de colaborar con eses veciños.

Manifesta que sobre o asunto das faixas de seguridade, o Concello de Leiro xa dispón delas e teñen a zona delimitada.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a reunión, sendo as trece horas e trinta minutos, de todo o que que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,



Asdo.: Fernando Taboada Guntín.

O SECRETARIO,



Asdo.: Pablo Fernández Loureiro.